

Procedemento: Convocatoria 2023 de subvencións *a festivais de artes escénicas e de música*.

Asunto: Resolución de nomeamento da comisión de valoración

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

1. Con data 17 de marzo de 2023, o Diario Oficial de Galicia, nº 54, publicou a Resolución do 02 de marzo de 2023 pola que se aproban as bases, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións *a festivais de artes escénicas e de música*, e se convocan para o ano 2023 (CT213A).

2. O artigo 13 desta convocatoria recolle que constituiranse dúas comisións de valoración das solicitudes presentadas que serán nomeadas pola persoa titular da Dirección da Agadic e estarán integradas unha persoa do cadro de persoal da Agadic, sen dereito a voto, que fará as funcións de secretario/a para ambas modalidades e polo seguintes vogais, entre os que se designará un presidente/a:

- Comisión dos criterios automáticos: dúas persoas do cadro de persoal da Agadic.
- Comisión de criterios técnicos: Tres expertos externos nomeados pola Dirección da Agadic de entre profesionais do eido musical para a modalidade A (festivais de música) e outros tres do ámbito escénico para a modalidade B (festivais de artes escénicas)..

O mesmo artigo recolle tamén que “a condición de vogal da comisión ten carácter persoal e non pode actuar por delegación nin ser substituído en ningún caso”.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo o artigo 2 do Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galegas das Industrias Culturais, correspóndelle á dirección, como órgano executivo da axencia, a súa dirección e xestión ordinaria.

2. No artigo 21 dos devanditos Estatutos, establécese que a Dirección ten entre as súas atribucións “instruír os procedementos sancionadores e os procedementos de concesión de axudas e subvencións”.

En base ao exposto

RESOLVO:

Nomear as dúas comisións de valoración deste procedemento de subvencións, que segundo o artigo 13 terán a seguinte composición:



- Comisión de criterios automáticos, en calidade de profesionais pertencentes ao cadro de persoal da Agadic:

María Paredes Rodríguez
Marcelina Calvo Domínguez

- Comisión de criterios técnicos: en calidade de persoas expertas con coñecementos e cualificación profesional acorde co obxecto da axuda da Modalidade A (Artes Escénicas):

Silvia Modia Ferreiro
Miguel Alfaya Solla
Afonso Becerra Arrojo

- Comisión de criterios técnicos: en calidade de persoas expertas con coñecementos e cualificación profesional acorde co obxecto da axuda da Modalidade B (Música):

Nonito Pereira Rey
Patricia Blanco Suárez
Victor Carou Fernández

- En calidade de persoa do cadro de persoal da Agadic, sen dereito a voto, que fará as funcións de secretario nas dúas comisións:

José Javier López Crende

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O Director da Agadic

Jacobo Sutil Nesta

